

Idioma:

**detalle da nova**portada - **temático libre****Xunta e Ministerio de Educación impulsarán en Galicia catro centros de referencia para consolidar a investigación de excelencia** [19/9/2006 11:53]

-Pérez Touriño e a ministra Mercedes Cabrera asinaron o convenio, no que tamén participan o CSIC e as universidades galegas

O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, e a ministra de Educación, Mercedes Cabrera, asinaron o pasado 18 de setembro en Santiago, o protocolo de colaboración que permitirá implantar en Galicia catro novos centros de referencia que permitirán mellorar e consolidar as actividades científicas de excelencia na comunidade autónoma.

Trátase de catro centros de investigación científica e tecnolóxica nos que tamén participan o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e as tres universidades galegas. Son, en concreto, o Centro de Investigación Aplicada en Tecnoloxía Computacional e Modelización Matemática, o Centro de ciencias aplicadas á xestión do Patrimonio Cultural, o Centro de Investigación e Tecnoloxía Mariña do Atlántico e o Centro de Investigación e Tecnoloxías da Vida.

O de Investigación Aplicada en Tecnoloxía Computacional e Modelización Matemática propiciará, en palabras do titular da Xunta, a integración do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) con unidades científicas universitarias de excelencia, co obxectivo de dispoñer de capacidades e servizos avanzados no ámbito da tecnoloxía computacional de altas prestacións e a modelización numérica aplicada.

O de Ciencias aplicadas á xestión do Patrimonio Cultural creárase co obxectivo de ser a unidade de referencia para a investigación sobre o patrimonio histórico. Desenvolverá tecnoloxías para a análise, conservación e valorización do medio construído, do patrimonio cultural e das paisaxes históricas e culturais.

Eixe central do proxecto

O terceiro dos centros, o de Investigación e Tecnoloxía Mariña do Atlántico concíbese como o eixe central do proxecto da Cidade do Mar. Será unha unidade interdisciplinar de investigación de excelencia e integrará as capacidades científicas máis competitivas de Galicia no ámbito do Instituto de Investigacións Mariñas, as universidades e outras entidades públicas de investigación.

Para rematar, o Centro de Investigacións e Tecnoloxías da Vida potenciará as áreas e infraestructuras relacionadas coa investigación biomédica, prestando unha particular atención ás novas estratexias terapéuticas e farmacolóxicas. Todos estes centros complementarán a outros xa implantados na comunidade autónoma.

AGN PRODUCTOS

Rexístrate en AGN contratando algún dos nosos produtos, disporá de toda a información do día que precise.

Consulte as nosas ofertas para face-la súa elección.

A maior oferta en servizos de información de Galicia.

Faga **click** nos nosos produtos e siga as instrucións para rexistrarse.

**Contacte con nós**ical
agencia de noticias
de castilla y leónacn
PRESSACNI
AGENCIA CATALANA DE NOTICIES@ragón
PRESS

VascoPress

Estratexia de integración

Os novos plans en materia científica constituirán unha estratexia de integración que, en palabras de Pérez Touriño, "asentará unha política estrutural de investigación e innovación" a partir da cal poderase desenvolver con eficiencia tanto o actual Plan galego de I+D+i como outras accións do futuro. Dixo ademais que os catro centros de referencia potenciarán a presenza de Galicia na ciencia española e europea, "promovendo novas iniciativas económicas de emprego", afirmou.

O presidente do Executivo autonómico resaltou tamén que os orzamentos en I+D da Xunta creceron en 2006 nun 32 por cen e que o novo Plan de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 dispoñerá dunha asignación de 800 millóns de euros de gasto público. Engadiu que, en catro anos, o obxectivo é contar cun cadro de 10.000 investigadores, o dobre dos actuais.

Apoio a Galicia

Pola súa banda, a ministra de Educación indicou que o protocolo asinado "é unha mostra do noso apoio inequívoco ao sistema de investigación de Galicia", asegurando que supoñerá un importante impulso nas áreas da biomedicina, as investigacións mariñas, a investigación sobre o patrimonio histórico e a tecnoloxía computacional. Dixo ademais que, en todos os casos, a creación destes centros, coa participación do CSIC e das universidades galegas, "vai supoñer un salto cualitativo na investigación que se realiza en Galicia".

O acordo de colaboración foi asinado no marco dun encontro da comunidade científica ao que, ademais do delegado do Goberno en Galicia, Manuel Ameijeiras, e de representantes das tres universidades galegas, asistiron os conselleiros de Innovación e Educación, Fernando Blanco e Laura Sánchez Piñón, respectivamente. Ambos coincidiron en sinalar que se trata dunha aposta estratéxica. O desenvolvemento deste protocolo efectuarase mediante a realización de convenios específicos de constitución de cada un dos centros mixtos, nos que se asegura a participación científica tanto do CSIC como das universidades galegas.

as

SANTIAGO. AS/AGN

 [Copiar Texto](#)

2006 © Axencia Galega de Noticias. Está expresamente prohibida a redistribución e a redifusión de todo ou parte dos servizos da Axencia Galega de Noticias sen o seu previo y expreso consentimento.

privacidade de datos, termos legais